



SAL. 001285 14.02.17 09:41

RESOLUCIÓN DO 14 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DO 21 DE OUTUBRO DE 2015 DE DELEGACIÓN DA SINATURA DA POTESTADE CERTIFICANTE DA/DO SECRETARIA/O XERAL EN DETERMINADOS ÓRGANOS

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, no seu artigo 89, establecen como competencia propia da secretaria ou secretario xeral a expedición de certificacións da documentación oficial da USC e a de dar fe pública dos acordos dos órganos de goberno, representación e administración da Universidade.

Por Resolución Reitoral do 21 de outubro de 2015, e co obxecto de axilizar a xestión dos procedementos administrativos, procedeuse a realizar a delegación de sinatura da facultade certificante da secretaria/o xeral en distintos órganos.

Os recentes cambios na administración da USC obrigan a facer unha corrección da Resolución Reitoral do 21 de outubro de 2015, e así adaptala á nova estrutura.

Deste xeito, RESÓLVESE:

Deixar sen efectos a delegación de sinatura no xefe da Sección do Centro de Posgrao. En consecuencia, o apartado **Décimo** da Resolución pasa a ser o seguinte:

" Décimo.-

Deléganse no director do CIEDUS:

- *As certificacións sobre dirección e titorización de teses lidas e de proxectos dirixidos ou de plans de investigación no caso de teses non lidas na data do certificado.*
- *As certificacións sobre tribunais de teses e tribunais para a obtención do diploma de estudos avanzados.*
- *As certificacións sobre dirección de traballos de investigación tutelados, coordinación e docencia en Programas de Doutoramento do RD 778/1998.*
- *As certificacións sobre coordinación e Comisións Académicas en Programas de Doutoramento do RD 1393/2007.*

Deléganse na directora do Centro de Estudos Propios:

- *As certificacións sobre dirección, coordinación e a docencia en estudos de posgrado propio e formación continua.*
- *As certificacións sobre a titorización dos traballos fin de curso dos estudos de posgrao propio e formación continua".*

Esta resolución terá eficacia ao día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.

Santiago de Compostela, 14 de febrero de 2017



A secretaria xeral

Consuelo Ferreiro Regueiro